

POR EMPREGO DIGNO

Non ás políticas económicas e laborais do PP

AFRONTAMOS este 1º de Maio de 2012 sumidos/as nunha profunda crise económica que está a afectar de forma moi directa á clase traballadora a través da perda de miles de postos de traballo, perda de salario, precarización e desregulación das condicións de traballo, perda de dereitos, etc.

As políticas económicas, sociais e laborais que está a promover o PP, a través do Goberno español e do Goberno galego, seguindo as directrices que marcan institucións como o Fondo Monetario Internacional, Banco Central Europeo ou a Comunidade Europea, responden claramente ao seu modelo ideolóxico de economía neoliberal e de defensa do que son os intereses da banca, dos especuladores e da oligarquía financeira.

As políticas, iniciadas polo PSOE e continuadas agora polo PP con máis virulencia, de recorte de gasto público, de deterioración de servizos públicos como ensino, saúde e servizos de asistencia social, de facilitar e abaratar o despedimento, de incrementar a idade de xubilación e reducir a contía das pensións futuras, etc., responden á defensa do

mesmo modelo económico de capitalismo neoliberal. Son políticas que non serven para saír da crise económica e que realmente o que buscan é incrementar os beneficios e o poder económico do capital financeiro especulativo, cargando os custos da crise económica ás clases traballadoras.

Temos que rebelarnos contra estas políticas e este sistema económico, esixindo dos gobernos que fagan políticas que realmente axuden a saír da crise e que o fagan desde unha perspectiva favorábel aos intereses da maioría social. Si existen alternativas, si é posíbel facer outro tipo de políticas diferentes como é combater realmente a fraude fiscal, facer unha política impositiva para que pague máis quen máis ten, incrementar os impostos ás rendas do capital, crear unha banca pública que garanta crédito a familias e pequenas empresas, incrementar o investimento público e os salarios como mecanismo de reactivación da economía e xerar emprego, rematar co especulación coa débeda pública pola vía de que o BCE compre directamente débeda ao estados, negarse os estados a pagar a débeda pública ilexítima...



1º de maio Día internacional da clase traballadora

CIG

Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

POR EMPREGO DIGNO

Este sistema económico non garante dereitos básicos e universais á poboación. Este modelo económico e social obriga a clase traballadora a estar permanentemente en loita na defensa dun salario e dun posto de traballo digno; dun ensino e dunha sanidade públicos e de calidade; dunha vivenda para todos/as; dunha alimentación sa; dunha política industrial, agrícola e de infraestruturas respectuosa co medio ambiente... Este é un modelo económico ao servizo dunha minoría social e nestas situacións de crise é cando mellor se pon de manifesto. Temos pois que loitar por un novo modelo de organización a nivel social e económico,

realmente democrático, que sirva aos intereses da maioría social e no que as clases populares e os seus representantes, sociais e políticos, sexan os que fixen as políticas económicas e laborais e non institucións políticas e financeiras ao servizo do capital.

Polo que respecta á clase traballadora galega, hoxe máis que nunca, precisamos poder decidir por nós mesmos as nosas condicións laborais e sociais, por iso esiximos un Marco Galego de Relacións Laborais e Sociais, con competencias plenas, en correspondencia co exercicio do dereito á soberanía política plena da nación galega.

Manifestación e concentracións

Comarca:	Hora:	Saida dende
Vigo	ás 12,00 h.	Cruce da Doblada
Coruña	ás 12,00 h.	Praza de Vigo
Pontevedra	ás 11,30 h.	Praza da Ferrería
Ferrol	ás 12,00 h.	Avda. de Esteiro (local da CIG)
Santiago	ás 12,30 h.	Praza Roxa
Lugo	ás 12,30 h.	Ronda da Muralla (edificio sindical)
Ourense	ás 12,30 h.	Pavillón dos Remedios
Ribeira	ás 12,00 h.	Praza do Peixe
Mondoñedo	ás 12,30 h.	Diante da ECAR
Vilagarcía	ás 12,00 h.	Casa do Mar
A Estrada	ás 12,00 h.	Praza do Concello

Viva a clase obreira galega
Viva Galiza ceibe e socialista
Viva o internacionalismo proletario

1^o de maio Día internacional da clase traballadora



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com